

CONTAS ANUAIS 2020

FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS GALICIA 061



ÍNDICE:

I. BALANCE DE SITUACIÓN

II. CONTA DE RESULTADOS

III. MEMORIA DAS CONTAS ANUAIS:

1. Natureza e actividade da Fundación
2. Bases de presentación das contas anuais
3. Aplicación de resultados
4. Normas de rexistro e valoración
5. Inmobilizado material
6. Inmobilizado intanxible
7. Arrendamentos e outras operacións de natureza simliar
8. Instrumentos financeiros
9. Usuarios e outros debedores da actividade propia
10. Fondos propios
11. Situación fiscal
12. Ingresos e gastos
13. Provisións e continxencias
14. Subvencións, doazóns e legados
15. Actividade da entidade. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios. Gastos de administración
16. Acontecementos posteriores ao peche
17. Operacións con partes vinculadas
18. Outra información
19. Información segmentada
20. Estado de fluxos de efectivo
21. Inventario
22. Información sobre dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro



23. Información sobre o período medio de pago a provedores.

ANEXO I.- LIBRO REXISTRO AUXILIAR DE INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE

ANEXO II. CERTIFICADO COMPOSICIÓN PADROADO FUNDACIÓN

ANEXO III. RELACIÓN DE AVAIS VIXENTES A 31/12/2020



BALANCE DE SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2020

Descrición	2020	2019
ACTIVO		
A) ACTIVO NO CORRIENTE	733.676,72	1.026.054,36
I. Inmobilizado intanxible	44,05	154,26
1. Desenvolvemento		
2. Aplicacións Informáticas	44,06	154,27
3. Resto do Inmobilizado Intanxible	-0,01	-0,01
II. Bens do patrimonio Histórico		
1. Anticipos		
2. Resto de Bens do Patrimonio Histórico		
III. Inmobilizado material	733.632,67	1.025.900,10
1. Terreos		
2. Anticipos		
3. Resto Inmobilizado Material	733.632,67	1.025.900,10
IV. Inversións inmobiliarias		
1. Terreos		
2. Construcións		
V. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo		
VI. Inversións financeiras a longo prazo		
VII. Activos por imposto diferido		
VIII. Debedores no correntes		
B) ACTIVO CORRIENTE	6.967.230,96	6.016.593,25
I. Activos no correntes mantidos para a venda		
II. Existencias		
1. Existencias		
6. Anticipos		
III. Usuarios e outros debedores da actividade propia		
IV. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.	1.996.193,68	2.550.401,12
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	1.935.141,90	2.481.036,03
2. Fundadores por desembolsos esixidos		
3. Outros debedores	61.051,78	69.365,09
V. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo		
5. Outros activos financeiros		
VI. Inversións financeiras a curto prazo		
VII. Periodificacións a curto prazo	6.853,55	8.981,12
VIII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	4.964.183,73	3.457.211,01
TOTAL ACTIVO	7.700.907,68	7.042.647,61



BALANCE DE SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2020

Descrición	2020	2019
PATRIMONIO NETO E PASIVO		
A) PATRIMONIO NETO	677.996,37	588.274,03
A.1) Fondos propios	309.355,26	75.714,03
I. Dotación Fundacional	150.253,03	150.253,03
II. Reservas	1.992.700,48	1.930.423,16
III. Excedente de Exercicios Anteriores	-2.004.962,16	
IV. Excedente do exercicio	171.363,91	-2.004.962,16
A.2) Axustes por cambios de valor		
A-3) Subvenciones, doazóns e legados recibidos	368.641,11	512.560,00
B) PASIVO NO CORRIENTE	28.690,55	24.250,76
I. Provisións a largo prazo	28.690,55	24.250,76
1. Provisión por prestacións a largo prazo ao persoal		
2. Outras Provisións	28.690,55	24.250,76
II. Débedas a largo prazo		
1. Obligaciónes e outros valores negociables		
2. Débeda con entidades de crédito		
3. Outras débedas a largo prazo		
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a largo prazo		
IV. Pasivos por imposto diferido		
V. Periodificacións a largo prazo		
VI. Acredores no correntes		
C) PASIVO CORRIENTE	6.994.220,76	6.430.122,82
I. Pasivos vinculados con activos no correntes mantidos para a venda		
II. Provisións a corto prazo		67.126,67
III. Débedas a corto prazo	28.489,05	64.505,50
1. Obligaciónes e outros valores negociables		
2. Débeda con entidades de crédito		
3. Acredores por arrendamento financeiro		
5. Outras débedas a corto prazo	28.489,05	64.505,50
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a corto prazo		
V. Beneficiarios - acredores		
VI. Acredores comerciais e outras contas a pagar	6.965.731,71	6.298.490,65
1. Provedores	4.336.980,89	4.151.126,22
2. Outros Acredores	2.628.750,82	2.147.364,43
VI. Periodificacións a corto prazo		
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO	7.700.907,68	7.042.647,61



CONTA DE RESULTADOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO REMATADO A 31 DE DECEMBRO DE 2020

Descrición	2020	2019
A) OPERACIÓNS CONTINUADAS		
1. Ingresos de la entidade por la actividade propia	63.562.107,00	48.967.197,96
a) Cotas de asociados y afiliados, e achegas de usuarios		
b) Ingresos de promocións, patrocinadores y colaboracións		
c) Subvenciones, doazóns e legados de explotación imputados al excedente do exercicio	63.562.107,00	48.967.197,96
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	5.318.702,30	6.574.644,32
3. Gastos por axudas e outros		
a) Axudas monetarias		
b) Axudas no monetarias		
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno		
d) Reintegro de subvenciones, doazóns e legados		
4. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
5. Traballos realizados pola empresa para o seu activo		
6. Aprovisionamentos	-47.773.851,75	-38.099.452,45
7. Outros ingresos da actividade		
8. Gastos de persoal	-20.094.456,57	-18.021.148,21
a) Soldos e Salarios	-16.968.094,79	-15.202.632,58
b) Cargas sociais	-3.126.361,78	-2.818.515,63
c) Provisións		
9. Outros gastos da actividade	-805.142,13	-1.244.612,34
a) Servizos exteriores	-1.007.199,75	-1.108.020,00
b) Tributos		-2.522,06
c) Perdas, deterioro y variación de provisións por operacións comerciais	202.057,62	-134.070,28
d) Outros gastos de xestión corrente		
10. Amortización do inmovilizado	-324.246,59	-326.141,15
11. Subvenciones, doazóns e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio	143.918,89	143.918,89
12. Exceso de provisións		
13. Deterioro y resultado por alleamentos do inmovilizado		
a) Deterioro e perdas		
b) Resultados por alleamentos e outras		
14. Diferencia negativa de combinacións de negocio		
15. Outros resultados	144.368,31	
a) Gastos excepcionais	-9.888,50	
b) Ingresos excepcionais	154.256,81	
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE	171.399,46	-2.005.592,98



16. Ingresos financeiros.	1,79	710,34
a) De participacións en instrumentos de patrimonio.		
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros.	1,79	710,34
17. Gastos financeiros.	-37,34	-79,52
a) Por débedas con empresas do grupo e asociadas.		
b) Por débedas con terceiros.	-37,34	-79,52
c) Por actualización de provisións.		
18. Variación de valor razoable en instrumentos financeiro.		
19. Diferencias de cambio.		
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros.		
21. Imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro		
22. Outros ingresos y gastos de carácter financeiro		
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS	-35,55	630,82
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	171.363,91	-2.004.962,16
23. Impostos sobre beneficios.		
A.4) EXCEDENTE DO EXERCICIO PROCEDENTES DAS OPERACIÓNS CONTINUADAS	171.363,91	-2.004.962,16



**MEMORIA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ANUAL REMATADO O 31 DE
DECEMBRO DE 2020**

1. NATUREZA E ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

1.1. Natureza xurídica

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 é unha entidade sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, adscrita ao Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo pertencente á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. De conformidade co establecido no Decreto 172/1999, de 27 de maio, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, o 061 é unha entidade pública que se constituíu o 30 de xuño de 1999, en Santiago de Compostela, por un período de tempo indefinido. A Fundación iniciou a súa actividade o 1 de novembro de 1999. O seu domicilio social sitúase no Centro Integrado de Atención ás Emerxencias, Avenida da Cultura S/N en A Estrada.

Segundo dispón o mencionado decreto, correspóndelle á Fundación a xestión, en réxime de concerto, da Central de Coordinación de Urgencias Médicas, regulada na Orde de 9 de outubro de 1995.

A Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, mediante Orde de 3 de agosto de 1999 publicada no Diario Oficial de Galicia de 23 de agosto de 1999, recoñeceu, clasificou e inscribiu á Fundación como Fundación de Interese Sanitario.

Figura inscrita no Rexistro único de Fundacións de Interese Galego co número 1999/21.

1.2. Réxime normativo

O 061 rexeráse polos seus Estatutos, polos regulamentos que regulen a organización, funcionamento e ordenación das súas actividades, así como polas disposicións legais que lle sexan aplicables, en concreto.

Os estatutos do 061 recóllense no Decreto 276/2001, de 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (modificado polo Decreto 454/2009, de 23 de decembro).

1.2.1. Normativa estatal

1. Lei 30/1994, de 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, parcialmente derogada pola Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións.
2. Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.
3. Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións.
4. Real decreto 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.



5. Real Decreto 1337/2005, de 11 de novembro polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal.
6. Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público pola que se traspoñen o ordenamento xurídico español as Directrices do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014.
7. Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral Contable ás entidades sen fins lucrativos e o modelo do plan de actuación das entidades sen fins lucrativos
8. Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos

1.2.2. Normativa autonómica

1. Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
2. Resolución do 8 de abril de 2005, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia xestionado por fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas. (Modificada por Resolución de 18 abril de 2006).
3. Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.
4. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.
6. Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
7. Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego.
8. Decreto 56/2014, do 30 de abril, polos que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

1.3. Actividade da Fundación

A Fundación ten como obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, docencia e investigación prioritariamente en materia de atención extra hospitalaria en caso de emerxencia e de urxencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario.

A principal actividade da Fundación consiste na coordinación das urxencias sanitarias extra hospitalarias mediante a recepción de todas as demandas e a determinación de cada resposta atendendo a criterios de saúde e optimización de recursos. A Fundación presta servizos sanitarios urxentes con e sen mobilización de recursos: información sanitaria, consulta e consello médico, asesoría a profesionais de atención primaria, emerxencias, transporte sanitario urxente, transporte secundario, soporte a transplantes, dispositivos de risco previsible, coordinación da visita domiciliaria, localización médica e formación.

A FPUSG-061 xestiona un conxunto de recursos asistenciais de soporte vital básico e de soporte vital avanzado que constitúen a rede de transporte sanitario urxente de Galicia, RTSU. Unha rede integral, permanente, e coordinada dende a CCUSG-061, de ambulancias de



urxencia deseñada para atender ás diversas necesidades de asistencia e transporte sanitario urxentes.

No relativo aos recursos, a Fundación conta con:

- **2 helicópteros sanitarios** nas cidades de Santiago e Ourense, dotados de persoal sanitario e de enfermería, e co equipamento necesario para a realización de soporte vital avanzado
- **16 ambulancias de soporte vital avanzado (AA-SVA)**, todas eles co material necesario para prestar soporte vital avanzado, co seguinte detalle:
 - 12 AA-SVA, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, persoal sanitario e de enfermería.
 - 4 AA-SVA, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias e persoal de enfermería
- **107 ambulancias asistencias de soporte vital básico (AA-SVB)**, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, e o equipamento necesario para prestar soporte vital básico
- **2 ambulancias convencionais (AC)**, localizadas en do Folgoso do Caurel e Pedrafita do Cebreiro, dotadas de desfibrilador semiautomático (DESA) e material de inmovilización

Na actualidade a prestación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre desenvólvese nas seguintes áreas de transporte sanitario urxente:

Área de A Coruña
Área de Baixo Miño
Área de Barbanza Muros
Área de Bergantiños/Costa da Morte
Área de Caldelas -Limia
Área de Ferrol
Área de Lugo
Área da Mariña Lucense
Área de Ourense
Área de Pontevedra
Área de Salnés
Área de Santiago
Área de Valdeorras/Verín/Lemos
Área de Vigo

Para a realización dos seus fins, a Fundación conta, de acordo cos seus Estatutos, cos recursos procedentes da dotación fundacional, cos bens e dereitos do Instituto Galego de Medicina Técnica que reverteron á Fundación no momento da escisión, así como cos recursos procedentes das súas actividades ordinarias.



1.4. Contrato programa

O obxecto do contrato programa é establecer o marco de relacións entre a FPUSG-061 e a Administración da Comunidade Autónoma e, polo tanto, determinar os compromisos de cada parte para a consecución da misión da dita FPUSG-061 como entidade encargada de ofrecer ao cidadán a resposta máis adecuada en cada momento á súa solicitude de consulta e asistencia sanitaria urxente extrahospitalaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con data 29 de decembro de 2006 asinase o primeiro Contrato Programa entre o SERGAS e a FPUSG-061. Rematado o ámbito temporal dese contrato programa, o 1 de xaneiro de 2014 asinase o segundo contrato programa 2014-2015, que foi obxecto de sucesivas prórrogas a última de data 27 de decembro de 2019 ata o 31 de decembro de 2020, e de addendas ao mesmo, a última addenda de data 17 de setembro de 2020, sendo este o contrato programa vixente no exercicio obxecto da presente Memoria: 2020.

Cumpre sinalar, con todo, que na actualidade, no exercicio 2021, o vixente contrato programa foi aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 15 de abril de 2021 para o período 2021-2023, polo seguinte importe

Transferencia da Comunidade Autónoma	De abril a decembro 2021	2022
Explotación – Aplicación Orzamentaria: 5001/412A/44312	49.721.295,97	67.260.548,00
Capital - Aplicación Orzamentaria: 5001/412A/74312	1.702.837,49	2.270.450,00
TOTAL	51.424.133,46	69.530.998,00

2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

a) Imaxe fiel

Estas contas anuais relativas ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2020 foron preparadas a partir dos rexistros contables da Fundación e foron formuladas pola súa Dirección seguindo os principios e criterios contables xeralmente aceptados e recollidos pola lexislación en vigor. Preséntanse de acordo os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo do plan de actuación das entidades sen fins de lucro, as Resolucións de 26 de marzo de 2013, pola que se aproba o Plan de Contabilidade de entidades sen fins lucrativos e o Plan de Contabilidade de Pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos, e en todo o non modificado especificamente polas normas anteriores, será de aplicación o Real Decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego, e a Lei 49/2002, de 23 de decembro de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e o resto de



disposicións legais vixentes en materia contable, de forma que amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación.

Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, no se aplicaran as disposicións legais en materia contable.

As Contas Anuais do exercicio anterior, foron aprobadas polo Padroado da Fundación en sesión ordinaria de 30 de xuño de 2020, en prazo segundo os artigos 40.3 e 40.5.do RDL 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarios para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo RDL 19/2020, do 26 de maio.

b) Principios contables non obrigatorios aplicados

Os principios e criterios contables que se aplicaron na elaboración das contas anuais da Fundación son os que se resumen no punto 4 desta memoria.

c) Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

A Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061, elaborou as contas anuais do exercicio 2020 baixo o principio de empresa en funcionamento, tendo en consideración, a situación do exercicio 2020 e a situación actual do COVID-19, así como os seus posibles efectos na economía en xeral e na Fundación en particular, non existindo risco de continuidade na súa actividade, e detallando a continuación as medidas e efectos que tiveron lugar pola devandita pandemia na Fundación, ao noso xuízo máis relevantes:

- Diminución da cifra de negocios da Fundación derivada das vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil, **dos 6.574.644,32 € de 2019 aos 5.318.702,30 € en 2020**

Con todo, para facer fronte á situación anterior, de maneira que non se vexa afectado o principio de empresa en funcionamento, as medidas adoptadas foron:

- O importe de gasto previsto na PAIF de 2020, no foi realizado na súa totalidade, executándose un 2 % menos que o previsto, o que permitiu obter resultados positivos, pese á diminución de ingresos

- A Fundación conseguiu unha achega extraordinaria do SERGAS para os gastos COVID, de **255.000 €**

Nos apartados 15.V: Desviacións entre o plan de actuacións e os datos realizados, e no apartado 16: acontecementos posteriores ao peche, faise una referencia aos datos mais significativos, en canto ao custos nos que a Fundación tivo que incurrir por mor da pandemia do COVID 19.

Por último, sinalar que na Memoria das Contas anuais do exercicio 2019 dábase conta de que como consecuencia do resultado negativo obtido, polo importe de 2.004.962,16 €, solicitouse ao Servizo Galego de Saúde o incremento da achega do contrato programa, co gallo de corrixir as o déficit de financiamento, situación que foi corrixida mediante a Cuarta Addenda ao contrato programa asinada con data 17 de setembro de 2020, na cal incrementabas o financiamento na cantidade de **2.371.901,09 €**.



d) Comparación da información

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance e da conta de resultados, ademais das cifras do exercicio 2020, as correspondentes ao exercicio anterior. Así mesmo, a información contida nesta memoria referida ao exercicio 2020 preséntase, a efectos comparativos coa información do exercicio 2019.

A Fundación está obrigada a auditar as contas anuais do exercicio 2020 e auditou as do exercicio anterior.

e) Agrupación de partidas

Non existen partidas de diferente concepto agrupadas nun mesmo saldo á data do peche do exercicio.

f) Elementos recollidos en varias partidas

A 31 de decembro de 2020 non existen elementos que afecten a varias partidas do balance, nin existen partidas de distinto concepto agrupadas nun mesmo saldo.

g) Cambios en criterios contables

Durante o exercicio 2020 non se produciron axustes por cambios en criterios contables.

h) Corrección de erros

As contas anuais do exercicio 2020 inclúen axustes realizados co fin de depurar as contas de balance que incorrían nalgún tipo de erro, ou ben tiñan un saldo que se arrastraba desde fai varios anos, sen que fose procedente que figurase na contabilidade. Así co gallo de que as contas da Fundación reflicten o principio de imaxe fiel, e mediante Resolucións da Dirección da Fundación elimináronse ou modificáronse os saldos das contas que se sinalan:

- Resolución da Dirección de 20/07/20 da baixa en contabilidade do saldo da conta 4301:clientes cobros non identificados, posto que correspondían á regularizacións da conta 555: partidas pendentes de aplicación realizadas no período 2003-2012, polo importe de **31.072,04 €**, a favor da Fundación.

- Resolución da Dirección de 31/07/2020, pola que se acorda a baixa en contabilidade dos saldos das contas 4710, 475102, 475101001, 475101000 e 475101100, por canto correspondían a una débeda ou dereito de cobro, no seu caso, que non era real, polo importe total de **2.612,52 €** a favor da Fundación

- Resolución de Dirección de 26/11/2020 pola que se dan de baixa en contabilidade os dereitos pendentes de cobro de facturas de formación ou derivadas do prestación de servizos sanitarios segundo o Convenio asinado con UNESPA, e que dada a antigüidade dos créditos, desde 2000 a 2014 poderían considerarse prescritos, polo importe total de **35.529,63 €** en contra da Fundación

- Resolución de Dirección 16 de febreiro de 2021 pola que se acorda a baixa en contabilidade con efectos 31 de decembro de 2020, do saldo das subdivisionarias da conta 4009: provedores facturas pendentes de recibir, por canto corresponden ás regularizacións realizadas en 2010 a



2012, ou que procede a súa corrección posto que no seu momento non foron contabilizadas correctamente, ou ten un saldo de facturas pendentes de recibir que ten moita antigüidade, polo que procede a súa baixa en contabilidade, por un importe acumulado de **68.168,59 €**, a favor da Fundación

- Resolución da Dirección de 16/03/2021 pola que se acorda dar de baixa en contabilidade con efectos 31 de decembro de 2020, o saldo das contas 4400000, 460000 e 43000, por canto corresponden a saldos que non foron correctamente contabilizados, e veñen de exercicios pechados e no deben figurar no Balance, polo importe total de **2.790,61 €**, a favor da Fundación

- Resolución da Dirección de 16/03/2021 pola que se acorda dar de baixa en contabilidade con efectos 31 de decembro de 2020, do saldo da conta 555: partidas pendentes de aplicación o importe de **21.364,13 €**: que resultan de movementos realizados fai varios exercicios, que non se ten saldados, e que se descoñecen a que concepto corresponden, sendo a favor da Fundación

-- Resolución da Dirección de 16/03/2021 pola que se acorda modificar, con efectos 31 de decembro de 2020 ,por erros de contabilización, o importe pendente de cobro do SERGAS, xa que figuraba por **100,10 €** menos do real

- Resolución de Dirección de 22/03/2021 pola que se acorda dar de baixa en contabilidade con efectos 31 de decembro de 2020, do saldo da algunhas subdivisionarias da conta 4100 e 4000, polo importe de **3.289,86 € e 1.652,66 €**, a favor da Fundación

- Resolución de Dirección de 05/04/2021 pola que se acorda minorar o saldo da conta 4760, con efectos 31/12/220, no importe de **569,23 €**, por canto non se corresponde con ningunha débeda concreta da TGSS

- Resolución de Dirección de 05/04/2021 pola que se acorda, con efectos 31 de decembro de 2020, anular o asento realizado ao peche do exercicio 2019, polo importe de **23.547,82 €**, no que, por erro minorábase o saldo global de acredores (conta 41000000) e aumentábase o de reservas voluntarias (conta 11300000), con gallo de que a cifra de balance de provedores e acredores acenda un importe total de 4.472.956,70 €.

- Resolución de Dirección de 21/04/21, pola que se acorda, con efectos 31 de decembro de 2020, dar de baixa en balance algúns de bens de inmovilizado totalmente amortizados e que foron cedidos no seu día pola Instituto Galego de Medicina Técnica SA e polo SERGAS, por canto non figura o seu detalle no libro rexistro auxiliar de inmovilizado, sendo obxecto duna obxección por ese motivo no informe de auditoría de 2019. O importe destes activos dados de baixa é de **137.784,03 €**

3. APLICACIÓN DE RESULTADOS

No exercicio 2020 produciuse un resultado positivo de **171.363,91 € (no exercicio 2019 foi negativo polo importe de -2.004.962,16 €)**.

A dirección proporá ao Padroado da Fundación traspasar o excedente positivo do exercicio 2020 a reservas voluntarias.



O importe das reservas voluntarias foi obxecto de variacións no exercicio, como consecuencia das Resolucións sinaladas no punto anterior, relativas á corrección de erros. O detalle das correccións das contas de balance que se imputaron con cargo a reservas voluntarias foi o seguinte:

Descrición	Debe	Haber
RESERVAS VOLUNTARIAS		
Apertura a 01/01/2020		1.547.851,44
REGULARIZACIÓN CONTA 4301		31.072,04
REGULARIZACIÓN CONTA 555		21.364,13
ANULACIÓN POR PRESCRIPCIÓN FACTURAS FORMACIÓN E UNESPA	34.779,62	
REGULARIZACIÓN CUENTA 4009		68.168,59
ANULACIÓN ASIENTO REGULARIZACIÓN ACREDORES	23.547,82	
SUBTOTAL	58.327,44	1.668.456,20
SALDO FINAL CONTA 11300000 A 31/12/20		1.610.128,76

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

As principais normas de valoración utilizadas pola Fundación na elaboración das súas contas anuais para o exercicio 2020, de acordo ao Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuacións das entidades sen fins lucrativos así como a Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, polas que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos e o Real Decreto 1514/2007, polo que entra en vigor o Novo Plan Xeral Contable, e o Real Decreto 1159/2010, de 17 de setembro, son as seguintes:

a) Inmobilizacións intanxibles

O inmovilizado intanxible táxase polo seu valor de contribución ou cesión ou polo valor razoable, segundo proceda e preséntase neto da súa correspondente amortización acumulada, segundo os criterios:

- a) A propiedade industrial recolle os custos incorridos para a obtención da propiedade ou o dereito de uso ou a concesión do uso das distintas manifestacións da mesma, sempre que, polas condicións económicas que se derivan do contrato deben inventariarse pola empresa adquirente. As patentes rexistradas pola Fundación son as relativas á súa denominación e logotipo.

Os dereitos da propiedade industrial valóranse polo prezo de adquisición ou custo de produción, incluíndo o valor en libros dos gastos de desenvolvemento activados no momento en que se obtén a correspondente patente ou similar, incluído o custe de rexistro e formalización da propiedade industrial.



Son obxecto de amortización e corrección valorativa por deterioro. A vida útil da propiedade industrial da Fundación é de 6 anos.

- b) As aplicacións informáticas figuran polo seu custo de adquisición e amortízanse linealmente durante o período de 3 anos en que está prevista a súa utilización.
- c) Os custos de mantemento das aplicacións informáticas lévanse a gastos no momento en que se incorre neles.

Despois do recoñecemento inicial, o inmovilizado intanxible valorase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.

Os activos intanxibles son activos de vida útil definida e, polo tanto, amortízanse sistematicamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche do exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Ao menos ao peche do exercicio, avalíase a existencia de indicios de deterioro, nese cuxo caso estímanse os importe recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan tal e como se establece nos seguintes parágrafos.

A Fundación inclúe no custe do inmovilizado intanxible que necesita un período de tempo superior a un ano para esta en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción.

Ao peche do exercicio e sempre que existen indicios de perdas de valor a Fundación revisa os importes en libros do seus activos intanxibles para determinar si existen indicios de que ditos activos sufriran unha perda por deterioro de valor. Si existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase con obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (se a houbera). No caso de que o activo non xere fluxos de efectivo por si mesmo que sexan independentes de outros activos, a Fundación calculará o importe recuperable de unidade xeradora de efectivo á que pertence o activo.

O importe recuperable é o valor superior entre o valor razoable menos os custos de venda e o valor en uso.

Para estimar o valor en uso, a Fundación prepara as previsións de xeradores de fluxos de tesourería a partir dos orzamentos máis recentes aprobados polo Padroado. Estes orzamentos incorporan as mellores estimacións dispoñibles de ingresos e gastos das unidades xeradoras de efectivo utilizando a experiencia do pasado e de expectativas futuras. Estas previsións estiman os fluxos para os anos futuros aplicando taxas de crecemento razoables que, en ningún caso superan as taxas de crecemento dos anos anteriores.

Ao avaliar o valor en uso, os futuros fluxos de efectivo estimados descóntanse ao seu valor actual utilizando un tipo de xuro de mercado sen risco, axustados polos riscos específicos do activo que non se tiveron en conta ao estimar os futuros fluxos de efectivo.

Si se estima que o importe recuperable dun activo (ou unha unidade xeradora de efectivo) é inferior ao seu importe en libros, o importe en libros do activo redúcese ao seu importe



recuperable. Para elo recoñécese o importe da perda por deterioro de valor como gasto e distribúese entre os activos que forman a unidade, reducindo en primeiro lugar o fondo de comercio, si existira, e, a continuación, o resto dos activos da unidade prorrateados en función do seu importe en libros.

Cando unha perda por deterioro de valor reverte posteriormente, o importe en libros do activo (unidade xeradora de efectivo) increméntase á estimación revisada do seu importe recuperable, pero de tal maneira que o importe en libros incrementado non supere o importe en libros que se determinaría de non recoñecerse ningunha perda por deterioro de valor para o activo (unidade xeradora de efectivo) en exercicios anteriores. Inmediatamente recoñécese unha reversión de unha perda por deterioro de valor como ingreso.

Nos exercicios 2019 e 2020 a Fundación non registrou perdas por deterioro o inmovilizado intanxible.

b) Inmovilizacións materiais

Valorase ao seu prezo de adquisición ou ao seu custe de produción que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, todos os gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento, coma os gastos de explanación e derribo, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros semellantes.

A Fundación inclúe no custe de inmovilizado material que necesita un período e tempo superior a un ano para estar en condición de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico o xenérico, directamente atribuible á adquisición, construción ou produción. Forma parte, tamén, do valor do inmovilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigas sumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas ao activo, tales como custes de rehabilitación, cando estas obrigas dan lugar ao rexistro de provisións. Así como a mellor estimación do valor actual do importe continxente, non obstante, os pagos continxentes que dependan de magnitudes relacionadas co desenvolvemento da actividade, contabilízanse coma un gasto na conta de resultados a media en que se incorran.

As cantidades entregadas a conta de adquisicións futuras de bens de inmovilizado material, rexístranse no activo e os axustes que xurdan pola actualización do valor do activo asociados ao anticipo dan lugar ao recoñecemento de ingresos financeiros, conforme se devenguen. A tal efecto utilízase o tipo de xuro incremental do provedor existente no momento inicial, é dicir, o tipo xuro ao que o provedor podería financiarse en condicións equivalentes que resultan do importe recibido, que non será obxecto de modificación en posteriores exercicios. Cando se trate de anticipos con vencemento non superior a un ano cuxo efecto financeiro non sexa significativo, non será necesario levar a cabo ningún tipo de actualización.

A Fundación non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por elo, non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigas de futuro.

A amortización do inmovilizado material calcúlase sobre valores de custo ou de achega, segundo proceda, en función da vida útil estimada dos bens, aplicando un criterio lineal a partir da súa posta en condicións de funcionamento.



Os gastos de mantemento e as reparacións do inmovilizado material que non melloran a súa utilización ou prolongan a súa vida útil cárganse á conta de resultados no momento en que se producen.

Con ocasión de cada peche contable, a Fundación analiza se existen indicios de que o valor neto dos elementos do seu activo material excede do seu correspondente importe recuperable; nese caso, reduce o valor en libros do activo do que se trate ata o seu valor en libros axustado.

Nos exercicios 2020 e 2019 a Fundación non rexistrou perdas por deterioro de inmovilizados materiais.

c) Arrendamentos

Os arrendamentos operativos impútanse á conta de resultados como gasto do exercicio no que devéñanse

Un arrendamento é considerado financeiro ou operativo en función do fondo económico e da natureza da transacción, e non da forma legal do contrato. Ao realizar a análise dos contratos operativos da Fundación non se dou de alta ningún activo como arrendamento financeiro ao considerar que non se transfiren de forma clara todos os riscos e beneficios en cuestión.

A Fundación non ten rexistrados arrendamentos no exercicio 2020

d) Instrumentos financeiros

Os criterios para cualificar e valorar cada un dos distintos instrumentos financeiros que posúe a Fundación son os seguintes:

Os clientes e créditos comerciais táxanse polo valor razoable, que corresponde ao prezo da transacción máis os custos directamente atribuíbles a esta. Ao longo do exercicio detectáronse indicios razoables de que a empresa non recuperará os fluxos de efectivo asociados ao activo no prazo contractual acordado polo que, se realizaron as correccións valorativas correspondentes, utilizando un sistema individualizado de seguimento de saldos de clientes e debedores. Cando se produce, o rexistro deste deterioro rexístrase na conta de resultados.

A Fundación ten débedas con provedores e acredores varios valorados ao custo, equivalente ao valor razoable da contraprestación recibida, axustado polos custos de transacción directamente atribuíbles. A súa valoración posterior é polo seu custo amortizado.

A Fundación dará de baixa un pasivo financeiro cando a obrigaçión se extinga. A diferenza entre o valor en libros do pasivo financeiro ou da parte deste que se dou de baixa e a contraprestación pagada incluídos os custos de transacción atribuíbles e na que se recollerá así mesmo calquera activo cedido distinto do efectivo ou pasivo asumido, recoñecerase na conta de resultados do exercicio no que teña lugar.

e) Créditos e débitos pola entidade propia

As cotas, donativos e outras axudas similares, procedentes de patrocinadores, afiliados ou outros debedores, con vencemento a curto prazo, orixinan un dereito de cobro que se



contabiliza polo seu valor nominal. Se o vencemento supera o citado prazo, recoñecerase polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do crédito rexístrase como un ingreso financeiro na conta de resultados de acordo co criterio do custo amortizado.

Os préstamos concedidos no exercicio da actividade propia a tipo de xuro cero ou por debaixo do xuro de mercado contabilízanse polo seu valor razoable. A diferenza entre o valor razoable e o importe entregado recoñécese, no momento inicial, coma un gasto na conta de resultados de acordo coa súa natureza. Despois do seu recoñecemento inicial, a reversión do desconto practicado contabilízase coma un ingreso financeiro na conta de resultados.

Ao peche do exercicio, efectúanse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que se producira un deterioro do valor destes activos, que se contabilizan aplicando o criterio de custe amortizado.

As axudas e outras asignacións concedidas pola Fundación aos seus beneficiarios, con vencemento a curto prazo, orixinan o recoñecemento dun pasivo polo seu valor nominal. Se o vencemento superou o citado prazo, recoñécese polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do débito contabilízase coma un gasto financeiro na conta de resultados de acordo con criterio do custo amortizado.

Se a concesión de axuda é plurianual, o pasivo rexístrase polo valor actual do importe comprometido en firme de forma irrevogable e incondicional. Aplícase este mesmo criterio naqueles casos nos que a prolongación da axuda non está sometida a avaliacións periódicas, senón ao mero cumprimento de trámites formais ou administrativos.

f) Imposto sobre beneficios

A Fundación, en canto se trata dunha entidade sen ánimo de lucro que persegue fins de interese xeral, como a asistencia sanitaria, está comprometida a destinar polo menos o 70% das rendas netas e outros ingresos que obteña, unha vez deducidos os impostos, á realización dos ditos fins. Goza da exención no Imposto sobre Sociedades polas rendas derivadas dos ingresos, donativos e doazóns recibidos para colaborar nos fins da entidade; polas rendas procedentes do patrimonio mobiliario da entidade, como son os intereses; polas derivadas de adquisicións ou de transmisións, por calquera título, de bens ou dereitos, incluídas as obtidas con ocasión da disolución e liquidación da entidade e polas rendas obtidas no exercicio das explotacións económicas exentas a que se refire o artigo 7 da Lei 49/2002, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Constituirán a base imponible da Fundación en exercicios futuros as rendas derivadas das explotacións económicas non exentas.

O gasto polo imposto sobre sociedades do exercicio, calcúlase en función do resultado económico antes de impostos, aumentado ou diminuído, segundo corresponda, polas diferenzas permanentes que puidesen existir co resultado fiscal, entendendo este como a base imponible do citado imposto.

O tipo xeral de tributación para as rendas gravadas no imposto sobre sociedades é do 10%.

Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para todas as diferenzas temporais impositivas, salvo que a diferenza temperaría se derive do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou do recoñecemento inicial nunha transacción que non é unha combinación de



negocios doutros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ao resultado fiscal nin ao contable.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporais deducibles, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a sociedade teña no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poida facelos efectivos e non proceda do recoñecemento inicial doutros activos e pasivos nunha operación que non sexa unha combinación de negocios e que non afecte nin ao resultado fiscal nin ao resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impositivas negativas e deducións pendentes de compensar) só se recoñecerán no caso de que se considere probable que a sociedade teña no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poida facelos efectivos.

g) Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos valóranse en función do valor razoable da contrapartida recibida ou entregada, imputándose en función do criterio do devengo, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que estes representan, con independencia do momento no que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Os ingresos por prestación de servizos recoñécense cando o resultado da transacción pode ser estimada con fiabilidade, considerando a porcentaxe de realización do servizo na data de peche do exercicio. Cando a prestación de servizos non pode ser estimada de forma fiable, recoñécense ingresos só na contía na que os gastos recoñecidos se consideren recuperables.

Ingresos da entidade pola actividade propia e outros ingresos: o 1 de xaneiro de 2014, a Fundación subscribiu un contrato-programa co Servizo Galego de Saúde polo que este organismo comprometéase a financiar o servizo público sanitario xestionado pola Fundación. O devandito contrato programa foi obxecto de sucesivas prorrogas, sendo a última de data 27 de decembro de 2019 ata o 31 de decembro de 2020.

Inclúense como gastos de aprovisionamentos os gastos derivados dos contratos firmados cas empresas de transporte sanitario urxente terrestre e aéreo, así como os de operación telefónica.

h) Provisións e continxencias

1.- Provisión determinación saldos dubidoso cobro

